

Anexo do contrato.

Identificación de parcelas obxecto do contrato:

CONCELLO	LUGAR	NOME PARCELA	POLIGONO	PARCELA SUBPARCELA	SUPERFICIE ha-a-ca	VARIIDADE

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 129/2006, do 20 de xullo, polo que se aproba a oferta de emprego público de determinadas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006.

De conformidade coas previsións contidas na Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia (DOG nº 246, do 19 de decembro), así como do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para a convocatoria periódica de procedementos de selección de persoal que garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso, procede agora afrontar a oferta pública de emprego para o ano 2006.

O ámbito da dita oferta circunscríbese ás categorías de persoal estatutario incluídas no anexo deste decreto.

En consecuencia, por proposta da conselleira de Sanidade, logo da negociación coa representación sindical no seo da Mesa Sectorial de Negociación do Persoal Sanitario ao Servizo da Comunidade Autónoma e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte de xullo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Aprobación da oferta pública de emprego.

Apróbase a oferta de emprego público do persoal estatutario das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde para o ano 2006 das categorías incluídas no anexo deste decreto.

Artigo 2º.-Sistema de selección.

De conformidade co establecido no artigo 6.1º do Decreto 206/2005, do 22 de xullo antes citado, en todas as categorías que se convoquen, o sistema de selección será o concurso-oposición.

Artigo 3º.-Promoción interna.

1. Reservarase un 50% do total das prazas convocadas en cada categoría para a súa provisión polo sistema de promoción interna.

Non obstante o anterior, poderá establecerse unha reserva inferior cando así veña xustificada pola planificación eficiente das necesidades, polas carac-

terísticas específicas da categoría ou especialidade ou pola titulación requirida para o acceso.

2. Cando o resultado da aplicación da citada porcentaxe dea un resto igual ou superior a 0,5 prazas de reserva, computarase como unha praza para incluír nesta reserva.

3. As prazas non cubertas acumularanse ao sistema de acceso libre.

Artigo 4º.-Persoas con discapacidade.

1. En cada convocatoria reservarase un número de prazas que representen como mínimo o cinco por cento, en número enteiro, das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por cento.

A reserva é efectiva naquelas convocatorias que oferten un mínimo de dez prazas da correspondente categoría ou especialidade.

En todo caso, en cada convocatoria establecerase o número concreto de prazas que quedan reservadas para persoas con discapacidade ás que puidese corresponder esta cota. Farase constar así mesmo que non se reserva ningunha praza no suposto de que non se alcanzase o mínimo necesario para isto.

2. Os aspirantes que participen nesta quenda, para resultar seleccionados, deberán superar as probas selectivas e acreditar o indicado grao de discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións específicas, nos termos que se fixen nas convocatorias.

3. No desenvolvemento das probas selectivas facilitarase as axudas técnicas precisas para a súa adaptación ás necesidades específicas e singularidades dos aspirantes con discapacidade, logo de petición motivada e nos termos que se establezan na convocatoria.

4. Nas convocatorias farase constar que no suposto de que algún aspirante da cota de reserva de discapacitados supere as probas correspondentes e non obtivese praza, e a súa puntuación definitiva no proceso sexa superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

5. As prazas non cubertas acumularanse ás restantes prazas do sistema de acceso libre.

Artigo 5º.-Acreditación do coñecemento da lingua galega.

Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego e para garantir o dereito dos usuarios dos distintos servizos sanitarios do Sergas ao uso do galego, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, terá que acreditarse o coñecemento da lingua galega nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

Artigo 6º.-Comisións ou grupos de traballo.

1. O órgano convocante, en atención ao elevado número de aspirantes, poderá nomear comisións ou grupos de traballo para realizar as tarefas auxiliares de carácter técnico ou organizativo que lles sexan encomendadas, sen que a súa actuación afecte as competencias e a autonomía dos tribunais de selección.

2. Os membros destas comisións ou grupos de traballo absteranse de intervir no procedemento cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 28.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Os membros das comisións ou grupos de traballo percibirán as asistencias previstas no Decreto 144/2001, do 7 xuño, sobre indemnización por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia ou norma que o substitúa.

Para tal efecto, serán clasificados conforme o artigo 26.2º do devandito decreto.

Disposición adicional

As convocatorias adaptaranse ás previsións da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, en relación coas condicións de emprego na Administración pública.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a conselleira de Sanidade para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

CATEGORÍA	TOTAL
ATS/DUE	637
AUXILIAR ENFERMARÍA	514
CALEFACTOR	6

CATEGORÍA	TOTAL
CELADOR	270
COCINEIRO	18
CONDUTOR	6
FARMACÉUTICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA	46
FISIOTERAPEUTA	25
GRUPO AUXILIAR FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	162
GRUPO TÉCNICO FUNC. ADMTVO.	15
GRUPO XESTIÓN	26
GRUPO ADMINISTRATIVO	22
LAVANDEIRA	19
MÉDICO DE FAMILIA DE ATENCIÓN PRIMARIA	142
PASADORA DE FERRO	30
PERSOAL SERVIZOS XERAIS	217
PINCHE	152
TÉCNICO DE XESTIÓN DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	9
TÉCNICO ESPECIALISTA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	5
TÉCNICO ESPECIALISTA ANATOMÍA PATOLÓXICA	6
TÉCNICO ESPECIALISTA HIXIENISTA DENTAL	6
TÉCNICO ESPECIALISTA LABORATORIO	52
TÉCNICO ESPECIALISTA RADIODIAGNÓSTICO	52
TÉCNICO ESPECIALISTA RADIOTERAPIA	11
TELEFONISTA	6
TERAPEUTA OCUPACIONAL	7
TOTAL	2.461

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Resolución do 28 de xullo de 2006, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se publican as subvencións EMAS concedidas ao abeiro da Orde do 8 de maio de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 93, do 16 de maio).

De conformidade co establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, 78.8º del Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e, tamén, de conformidade co disposto, no artigo 9.2º da Orde do 8 de maio de 2006, pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas a empresas e organizacións para a súa adhesión a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) publícase un extracto das resolucións de concesión das axudas concedidas ao abeiro da devandita orde, emitidas por esta dirección xeral.

Finalidade da axuda: todas estas axudas teñen como finalidade contribuir á implantación dun sistema de xestión ambiental e a súa posterior adhesión ao sistema comunitario EMAS.

Norma reguladora: Orde do 8 de maio de 2006, pola que se convoca e regula o réxime de concesión de axudas a empresas e organizacións para a súa adhesión a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS) (DOG nº 93, do 16 de maio).

Aplicación orzamentaria: 15.03.342A.770.0.

Crédito orzamentario: 200.000 €.